

EXpte: 5L/2015 E.L. – PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015: OBRA DE: “Reparación do pavillón de Vilalonga.”

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Completada a tramitación do procedemento negociado para a contratación da obra de **“Reparación do pavillón de Vilalonga”**, coa presentación da documentación, sinalada na cláusula 11^a do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, o 27 de xullo de 2015 (entrada nº 7695) e o e o 30 de xullo de 2015 (entrada nº 7888), requirida ó licitador que obtuvo a maior puntuación, de acordo oa disposto no informe técnico de valoración das ofertas admitidas emitido ó respecto polo arquitecto municipal o 6 de xullo de 2015, e á vista a fiscalización positiva ou favorable da Intervención Municipal de data 14 de xullo de 2015, esta alcladía **RESOLVE**:

1º) Adxudicar, o contrato da obra de “Reparación do pavillón de Vilalonga” á empresa “Construcciones Gonfal, S.L” conforme ó Prego de cláusulas administrativas particulares e ó proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que executará as obras polo **prezo de cento vinte e sete mil seiscientos dez (127.610) EUROS (IVE ENGADIDO), debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes ó da notificación da adxudicación ó adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13^a** do prego de cláusulas administrativas particulares.**

2º) Ós efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas as empresas **Construcciones Domínguez Piñeiro, Carpintería Metálica Brunos, S.L e Construcciones Gonfal, S.L**, presentando a súa plica da unha delas, sendo admitidas todas as presentadas.

- **Plica númer. UN:** Presentada por Don José Domínguez Piñeiro, en representación da empresa **CONSTRUCCIONES JOSÉ DOMÍNGUEZ PIÑEIRO**, de Sanxenxo, e de conformidade co informe técnico de data 29 de xuño de 2.015, obrante no expediente, o Arquitecto Municipal outorgoulle á plica **0,00 puntos**, polo criterio do prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha **puntuación total de 0,00 puntos**.
- **Plica númer. DOUS:** Presentada por Don Luis Castro Vazquez, en representación da empresa **CARPINTERÍA METÁLICA BRUNOS, S.L**, de Vilalonga, e de conformidade co informe técnico de data 29 de xuño de 2015, obrante no expediente, o arquitecto municipal outórgalle á plica **2,43 puntos** polo criterio de prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha puntuación total de **2,43 puntos**

- **Plica númer. TRES:** Presentada por Don Manuel Crespo Gondar, en representación da empresa **CONSTRUCCIONES GONFAL, S.L.**, de Cambados. e de conformidade co informe técnico de data 29 de xuño de 2015, obrante no expediente o arquitecto municipal outórgalle á plica **5,13 puntos** polo criterio de prezo e **0,00 puntos** polas melloras do incremento da calidade, obtendo unha puntuación total de **5,13 puntos**

A) Prezo

Para a valoración do prezo, tal e como se establece na cláusula 9 do Prego, calculada á baixa media das ofertas; e a partir desta baixa establecese a cualificación de temeraria de acordo cos criterios establecidos no artigo 85) do RD 1098/2001, para a puntuación deste criterio, tal e como se recolle na cláusula 9 do prego, dando a máxima puntuación ó límite da porcentaxe de baixa temeraria ou superiores, e a partir deste proporcional. A puntuación máxima por este criterio está fixada en 70 puntos.

Na plica 2 "CARPINTERÍA METÁLICA BRUNOS, SL" no sobre B realiza unha oferta do prezo total con IVE, de 127.610,00 euros, e recolle no último parágrafo que esta oferta supón unha baixa de 0,00 cando en realidade esta oferta supón unha baixa de 460,00, considerando o que suscribe que este último parágrafo é un erro, dando por válida a oferta total con IVE, e polo tanto valórarse á baixa.

De conformidade co artigo 85.3) do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, cando concorran tres licitadores, considéranse desproporcionadas ou temerarias as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais a media das ofertas presentadas. Neste caso ningunha das ofertas é desproporcionada ou temeraria, pois ningunha excede de 10 puntos proporcionais da media aritmética.

Así, neste caso a media aritmética das baixas das tres ofertas é de 0,37 %, e a baixa temeraria establecese en 10,37%, polo que a esta baixa corresponderíalle a máxima puntuación; e o resto proporcional a esta, resultando a puntuación que se recolle no seguinte cadro:



PLICA	EMPRESA	PREZO	BAIXA	%BAIXA	PUNTOS	
1	CONSTRUCCIONES JOSE DOMÍNGUEZ	128.589,06 €	0,00 €	0,00%	0,00	
2	CARPINTERÍA METÁLICA BRUNOS SL		460,06 €	0,36%	2,43	
3	CONSTRUCCIONES GONFAL, SL		979,06 €	0,76%	5,13	
BAIXA ARITMÉTICA MEDIA				0,37%		
BAIXA TEMERARIA				10,37%		

B) Melloras do incremento da calidade

No anexo II do sobre B; tanto na plica nº2 de Carpintería Metálica Brunos, S.L" como na plica 3 de "Construcciones Gonfal, SL" repóllese no incremento de calidade que se adxunta unha memoria descriptiva valorada dos aspectos ofertados que incrementan a calidade do obxecto do contrato; pero visto o expediente administrativo non existen tales memorias valoradas de incremento da calidade, polo que este concepto non se valora por carecer as ofertas da memoria valorada.

Por todo o exposto anteriormente, a oferta que acada maior puntuación, é a plica presentada pola empresa “**Construcciones Gonfal S.L.**” con unha puntuación de **5,13 puntos**.

Asemande faise constar o informe técnico realizado trata fase de negociación a efectos de valoración definitiva das ofertas de data 6 de xullo de 2015

Realizada a fase de “Negociación do contrato” conforme ás bases do Prego que o regula, o 3 de xullo de 2015 no Salón de Plenos da Casa Consistorial, da obra de “REPARACIÓN DO PAVILLÓN DE VILALONGA” o que subscribe informa:

Na fase de negociación, só compareceu o representante de Construcciones Gonfal, S.L.U”, manifestando que manteñía a mesma oferta que se presentou ó obxecto deste contrato.

E dado que na negociación non se alteraron as ofertas inicialmente realizadas, manteñense as puntuaciones obtidas inicialmente de conformidade co informe emitido polo que subscribe na data de 29 de xuño de 2015.

A oferta que acada maior puntuación, é a plica presentada pola empresa “Construcciones Gonfal, S.L.” con unha puntuación de 5,13 puntos, o que se informa a mesa de Contratación ós efectos que se estimen oportunos.

3º) Nomear director de obra ó arquitecto municipal

4º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a cinco de agosto de dous mil quince.



O alcalde

Gonzalo Gonzalo Pita



ante min. secretario xeral

Ángel Luis López Pita